

# CUADRANTE




Nº 3

*Los Amigos*  
*Valle Jidón*

Vilanova de Arousa



# CUADRANTE



Revista cultural da  
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

*Amigos*  
*Valle-Inclán*

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

CASA DA CULTURA, VILANOVA DE AROUSA.

APARTADO DE CORREOS Nº 66

Xullo de 2001

*Director:*

Gonzalo Allegue

*Subdirector:*

Francisco X. Charlín Pérez

*Consello de Redacción:*

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

*Xestión e administración:*

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señoráns

*Ilustracións:*

Marcela Santórun (*ilustración capa e pax. 37*)

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

*Imprime:*

Gráficas Salnés, S.L.

*Dep. Legal:* PO-4/2000

*I.S.B.N.:* 84-87709-99-0

## SUMARIO:

Xosé Ramón Barreiro Fernández

*“Francisco María del Valle-Inclán:*

*Vida e Obra”* .....pax. 3

Francisco X. Charlín Pérez:

*“A lingua galega na obra de Valle-Inclán:*

*denominacións e interferencias*

*lingüísticas”* .....pax. 11

Gonzalo Amoedo e Roberto Gil:

*“Don Juan Manuel Pereira de Castro.*

*Paralelismos con don Juan Manuel de*

*Montenegro”* .....pax. 43

Antonio Espejo Trenas:

*“Ramón María del Valle-Inclán, héroe de*

*crónica en el Perú. (Un artículo olvidado de*

*José Carlos Mariátegui)”* .....pax. 53

Manuel Longa Pérez:

*“Alusiones a la Eucaristía en la obra de*

*Valle-Inclán”* .....pax. 62

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*



## A LINGUA GALEGA NA OBRA DE VALLE-INCLÁN: DENOMINACIÓNS E INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

Francisco X. Charlín Pérez

**L**embraba Bouza Brey no ano 1966<sup>1</sup> —co gallo do centenario do nacemento de Valle— que cando “ya mozo, me acercaba, en Madrid, por “La Granja del Henar”, aquel café de la calle de Alcalá en cuyo patio pontificaba don Ramón, recibíame este con una sonrisa cordial que llenaba de orgullo a la vista de los contertulios mis veinte y pocos años. En uno de los espacios que en el diván tenía siempre vacíos a sus lados, me hacía sentar para preguntarme mil cosas de Galicia, con tanto más interés cuanto menos conocido era el tema para los presentes. Gustaba de creer o de hacer creer que éramos ambos de un país lejano y misterioso, dotado de una fabla arcaica y secreta, en cuyo espíritu no podían penetrar los no iniciados oyentes” e proseguía o escritor e prehistoriador vilagarcían recordando que naquel entón —corría a metade da década dos vinte— Valle lle fixera sobre o seu labor literario algunhas declaracións sorprendentes: “Tal y como que sus obras de temas de Galicia las escribía primeramente en gallego y después las traducía , conservándole así la sintaxis”.

Nestas declaracións fanse evidentes dous importantes aspectos relacionados coa lingua galega dentro da obra de Valle-Inclán que son os que constituirán o noso obxecto de análise: o primeiro deles é a denominación “fabla arcaica” (que reproduce Bouza Brey) e que ao lado doutras como “fabla antiga”, “fabla visigótica” ou “dialecto” aparecen de forma recorrente na súa obra para referirse ao galego como a lingua na que falan algúns personaxes.

O segundo aspecto, motivo de interese para nós (e tamén recordado por Bouza Brey como unha das declaracións que o propio Valle lle fixera), son as interferencias lingüísticas que mediante a introducción de léxico e de estruturas gramaticais propias do galego inzan a súa lingua literaria.

Para o estudo do primeiro deles buscaremos a xénese desas denominacións —fabla

arcaica, visigoda, dialecto— no ambiente filolóxico e literario que rodeou a Valle na súa época de formación de Galicia. Na análise do segundo, procuraremos indagar na orixe literaria ou popular destas interferencias e ao mesmo tempo clasificalas atendendo aos criterios de se son ou non intencionadas, da súa aparición en obras ambientadas ou non en Galicia ou de se se presentan nos parlamentos dos personaxes ou nas narracións do autor.

Aparte hai que considerar que Valle tamén intercalou nalgunha das súas obras, fragmentos —a maioría deles en verso— integramente escritos en galego. Algúns exemplos destes son, como se sabe, as cantigas de orixe popular ou glosas destas que o escritor galego engade ao final dalgúns poemas de *Aromas de Leyenda*, as que na colección de contos *Jardín Umbrío* aparecen nos relatos “Nochebuena” —con panxoliñas tradicionais da súa vila natal— e “La Adoración de los Reyes”, a que serve de final á

<sup>1</sup> Bouza Brey, F: “Los escritos de Valle-Inclán” en “Café con gotas y su primera poesía” (Santiago 1888).

novela breve “Eulalia” recopilada en *Corte de Amor*:

“¡Ei ven o tempo de mazar o liño!  
¡Ei ven o tempo do liño mazar!  
¡Ei ven o tempo, rapazas do Miño!  
¡Ei ven o tempo de se espreguizar!”

Ou as recitadas en *Águila de Blasón* por Liberata la Blanca:

¡Vexo Cangas, vexo Vigo  
tamén vexo Redondela!  
¡Vexo a Ponte de San Payo,  
camiño da miña terra!

E en *Romance de Lobos* por Paula la Reina:

¡Eh , meniño, eh!...  
Para Santo Tomé...  
¿Teu pai quen foy?  
¿Tua nay quen é?...  
¡Eh, meniño eh!...

Aparte debemos situar ao poema “Cantigas de vellás”, datable en 1915 e que Carballo Calero considera o único texto cabal escrito en galego.

Sobre as causas desta exígua aportación literaria de Valle en lingua galega, parece lóxica a opinión de Paz Andrade<sup>2</sup> quen pensa que o “sincretismo idiomático” que Valle cultivou, responde a elección estética e non determinou a súa escasa produción en galego. As causas estarían en que cando Valle comeza a súa carreira no mundo das letras “el gallego era poca cosa como instrumento literario” xa que a pesares do seu grande cultivo poético “su empleo en la prosa era prácticamente nulo”. Por iso —pensa Paz Andrade— o seu cultivo sería difícil para o escritor vilanovés quen “desde el primer momento, y con entrega absoluta, se convirtió en un profesional de la literatura, superior



Retrato de García Blanco

a la circulante en el mercado, pero con destino al mercado” e, daquela “tales ambiciones exigían un ámbito que sólo estaba a su alcance escribiendo en castellano. Aunque, por su contenido, las obras fuesen gallegas”.

Tamén é clarificador para entender isto, a descripción do estado de cousas que afectaba á literatura galega no período coñecido como “antre dous Séculos” (1890-1915). Neste momento a produción literaria en galego era fundamentalmente poética, cun cultivo da prosa practicamente nulo ata que a partir de 1916 —cando xorden as Irmandades da Fala— e xa nos anos vinte coa aparición dos membros da Xeración Nós o cultivo da prosa se equipare ao da poesía. Desto eran plenamente conscientes naquela altura do século.

Así Manuel García Blanco<sup>3</sup> vía deste modo a situación nun informe que elabora no

<sup>2</sup> Paz Andrade, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*. Akal. Madrid. 1981. 2ª Ed.

<sup>3</sup> García Blanco, M.: *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. Imprenta El Norte de Galicia. Lugo. 1912.

ano 1912, cando un xa consagrado Valle-Inclán fixa a súa residencia en Cambados: “La literatura gallega contemporánea es exclusivamente poética, más aún, lírica y humorístico-descriptiva. Mientras se escriben versos y más versos de tal carácter y contenido, carecen de cultivo en nuestra lengua, o lo tienen escasísimo y pobre, otros géneros literarios que por su índole se hallan más al alcance de toda suerte de lectores (...) por ejemplo el teatro, la oratoria, la novela, el periodismo; casi no tenemos, en suma, literatura en prosa”. E continúa cunha alusión clarísima ao tema que nos ocupa, que val a pena reproducir “in extensum”: “Y sin embargo Galicia es tierra de dramaturgos, de buenos periodistas, de excelentes novelistas, y no escasean los libros ameno-descriptivos que tienen por asunto nuestro suelo, nuestras tradiciones, costumbres y peculiar psicología, siendo gallegos por todo excepto por la lengua. Consideremos lo que al esplendor actual de las letras castellanas contribuye la labor de tantos y tan estimables ingenios galaicos, y podremos fácilmente calcular de cuánto se ve privada la literatura gallega, por no servirse de nuestra lengua muchos y muy geniales cultivadores gallegos de la castellana. ¿Y por qué estos ilustres literatos rehúsan asociar su nombre a la noble y magna empresa del resurgimiento de una lengua y una literatura gloriosas? Seguramente porque

“Escribir nada máis pr’ unha provincia,  
Ou com’ os pobos árcades fixeron,  
Escribir sobr’ a casca d’ os curtizos,  
Cáseque todo ven a ser o mesmo”.

Y sin duda se requiere la más heroica abnegación para renunciar a un renombre tal vez mundial, por una reputación que, dado el desconocimiento que de nuestra lengua existe, por falta precisamente de un cultivo literario intenso y copioso, muy sólidos fundamentos habría de tener para traspasar los límites de nuestra pequeña región”.

Cáseque non precisan comentarios os argumentos de García Blanco. Desde o brillante inicio do Rexurdimento literario —fundamentalmente en clave poética— no último tercio do século XIX, con senlleiros e mesmo universais poetas como Rosalía, Pondal ou Curros ata a década dos anos vinte do século pasado, a produción literaria en galego presentará un notable corpus lírico pero un cativo desenvolvemento da prosa en tódalas súas facetas na que aínda estaba todo por facer.

Valle-Inclán, que decidira “vivir” de escribir non tivo ou non podía ter esa “heroica abnegación” que a bo seguro o tería convertido nun adiantado da narrativa galega. Seguiu, sen embargo, outra tradición, outro camiño, o da literatura en castelán escrita por galegos como Pastor Díaz, Vicetto, Murguía, ou a obra en prosa de Curros ou a propia Rosalía, como ben sinala Rubia Barcia<sup>4</sup>. Dela toma non só temas, senón tamén toda unha visión de Galicia de factura literaria que mesturará coa da súa propia experiencia vital. Desta maneira situacións, temas, folklore e paisaxe, serán en parte inspirados a Valle por estes precursores de obra en grande parte esquecida. Tamén toma parcialmente destes antecesores —sobre todo dalgunha das novelas de Vicetto e dos contos de ambiente galego da Pardo Bazán— a caracterización lingüística de personaxes ou a creación de ambientes mediante a introducción de galeguismos nos diálogos ou nas acotacións.

Nestas interferencias léxicas e gramaticais e nas denominacións utilizadas para referirse ao galego vai ser —como antes dixemos— onde centraremos a análise da presenza lingüística galega na obra de Valle.

<sup>4</sup> Rubia Barcia, J.: *Valle-Inclán y la Literatura Gallega*. Hispanic Institute in the United States. Columbia University. New York. 1955.

## I REFERENCIAS Á LINGUA E DENOMINACIÓNS UTILIZADAS



Desde os seus primeiros escritos, o escritor arousán introduce alusións á lingua galega para indicarnos o idioma no que se expresan determinados personaxes. Así no conto “A Media Noche” (1889), cando o xenete e espolista teñen que decidir que camiño coller na encrucillada de Framil, ao falar o segundo e preguntar: “¿Por qué mano echamos?” especificase dicindo: “preguntó en su dialecto”. A partir deste momento, as intervencións nos diálogos do espolista están interferidas de léxico e sintaxe galegas, mesmo indicando en cursivas términos como “sona”, “bouza”, “macidáns”, “creto”, “serán”...

Nunha das Cartas Galicianas, “Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira”, cando o protagonista desce do monte Lobeira, cruza cunha “moza aldeana, encendida como las cerezas” que “con el dejo cantarín del dialecto” dalle os bos días. No conto “Mi hermana Antonia”, a avoa “que había venido en una mula desde su casa de la montaña, que estaba a siete leguas de Santiago (...) nos habló en dialecto” dicindo: “Murió la vuestra madre...”. En *Sonata de Otoño*: “Allá lejos, pegados a las tapias del Palacio, cruzaban dos criados hablando en dialecto”.

Este, o de “dialecto”, é un dos términos cos que Valle se refire ao galego. Sen embargo, faino co sentido que este aínda mantiña no século XIX e a comezos do XX, non co que agora lle damos de “variante xeográfica ou social dunha lingua”. Aquel ten a súa orixe na tradición gramatical e léxica iniciada no século XV coas linguas romances, que reservaba o término “lingua” para as que tiñan uso cortesán e cultivo escrito e “dialecto” para as que nese intre só eran de uso oral. Xa no XIX, co renacer literario de moitas linguas ata entón minorizadas, ambas denominacións comezan a simultanearse indistin-


tamente xunto coa de “idioma” (á que nos séculos XVII e XVIII se lle daba o sentido de “variedade social”), “fala” ou “fabla” e “lingua” en canta publicación periodística ou en librería abordase cuestións ou debates de tipo lingüístico.

Así por exemplo, no debate que a finais da década dos oitenta do século XIX se establece —estando Valle-Inclán estudiando na universidade compostelá— sobre a necesidade de criar unha Academia que pulira o idioma e establecera uns criterios ortográficos, referíanse a esta como a institución que había de ser “un selo de autoridade” para “todos aqueles que se dedican a escribir en melífluo dialecto del país”, ou o instrumento máis adecuado para “perfeccionar la lengua de nuestros mayores” e lograr o esplendor “de nuestro idioma patrio”. En 1875 a Deputación de Ourense fala de “la conveniencia de difundir la dulcísima habla de Galicia”<sup>5</sup>.

Aínda en 1912 García Blanco<sup>6</sup> aclaraba que “sólo por un carácter meramente secundario suelen distinguirse los idiomas de los dialectos: el uso nacional, que tienen los primeros y de que los segundos carecen. Por consiguiente, la lengua gallega puede sin petulancia denominarse idioma, puesto que es privativo y peculiar lenguaje de un pueblo, como sin afrenta se le puede llamar dialecto, ya que no es lengua oficial de una nación”. A propia Rosalía de Castro fala do “dialecto suave e mimoso” no prólogo de *Cantares Gallegos* e en cambio de “lengua gallega” no de *Follas Novas*. A única vez que Valle utiliza o término “lingua” é na novela breve “Eulalia”, recopilada en *Corte de Amor* onde “una cuadrilla de segadores pasó llenándola con sus gritos de su lengua

visigoda”. Mantén, polo tanto, o escritor arousán o criterio de simultanear estas definicións de lingua aprendidas na súa etapa formativa, sen mudalas posteriormente a pesar da separación que a lingüística moderna decreta para ambas nocións xa en vida do autor.

Canto ós outros términos con que de xeito recorrente Valle alude á lingua de Galicia, atopamos os que seguen: “fabla visigótica”, “fabla arcaica” ou “antigua”, “romance arcaico” e “lengua visigoda”. Ádega —a pastora protagonista do conto homónimo logo integrado en *Flor de Santidad*— tiña “un hermoso nombre antiguo” e “hablaba el romance arcaico, casi visigodo de la montaña”, convertido en *Los Cruzados de la Causa* en “el gallego arcaico y cantarino de las montañas” que falaba Basilisa, a muller do mordomo Pedro de Vermo. O paxe Florisel aparece caracterizado tanto en *Sonata de Otoño* como en *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos* por “su fabla visigótica”. En “Aromas



Antonio de la Iglesia

<sup>5</sup> Hermida, C.: *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento*. (1840-1891). Ed. Xerais. Vigo.1992.

<sup>6</sup> op. cit.

de Leyenda” en *Claves Líricas*, no poema AVE, Galicia é a “tierra de la fabla antigua, hija de Roma; que tiene campesinos arrullos de paloma”.

A orixe destas denominacións —fabla visigótica, antigua, arcaica— hai que procurala tamén no ambiente e ideas que rodearon o renacer filolóxico e lingüístico (en consonancia co historicismo dominante) na segunda metade do XIX en Galicia. Así un dos acontecementos máis destacables foi o do descubrimento do ilustre pasado do galego medieval, ata entón esquecido. Quen primeiro dera noticia do espléndido cultivo literario de que este fora obxecto no medievo foi Vereza de Aguiar en 1838 na súa *Historia de Galicia*, ao comentar o achádego de poesía medieval escrita en galego no manuscrito de Baena conservado no Escorial.

Logo iranse facendo eco progresivo destas e outras novidades outros historiadores a partires de aquí.

Pero o que realmente resultou ser un fito na popularización desta idea de antigüidade textual foi a publicación en 1885 —cando xa Valle-Inclán estaba cursando estudos na Universidade de Santiago— do volume de Antonio de la Iglesia *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*<sup>7</sup>, no que se ofrecía unha antoloxía de textos literarios —coa novidade dos atopados no Cancionero da Vaticana— e documentos medievais. Neste volume facíase unha “excursión de ida hacia los orígenes ignotos de nuestra fabla dulce y cautivadora” na procura de “antigüedad mayor de la que algunos querían concederle”. Para probala, Antonio de la Iglesia acudía por exemplo, ao coñecido pranto de Alfonso VI polo seu fillo morto na batalla de Uclés, que aparece na historia deste rei de Fr. Prudencio de Sandoval. Neste texto, o autor interrompe o

seu relato para transcribir “en la lengua que se usaba” as palabras que o rei exclamara ante o fillo morto: “¡Ay meu fillo! ¡Alegría do meu corazón! ¡Alegría do meu corazón e lume dos meus ollos!...”. Reproducido o pranto, continúa Antonio de la Iglesia: “Sentado esto, y reconocida la pureza de esta sentidísima fabla, que no es otra cosa que la mismísima gallega, reconoceremos también otra conclusión que, al prometer el famoso Luis Vives en sus *Comm ad lib 8 de Civit. Dei. C9*, traducir en la lengua latina “un antiquísimo libro que en la española de tiempo de Recesvindo, cuyo se cree era “trataba de las “costumbres de sus naturales”, esto es, por los años de 640 (...) esa lengua española de la cual iba a hacer su traducción aquel varón señaladísimo, esa lengua española ¿cuál había de ser sino la gallega, el romance usado en Toledo en el año 1108?”, e remata “pero no es de extrañar tal antigüedad en el idioma gallego, remontado al VIII siglo, año de 562, en el Tercer Concilio de la Santa Iglesia de Lugo, al que remitió S. Martín, arzobispo de Braga “los ochenta y cuatro cánones y capítulos eclesiásticos que había recopilado y traducida de latín en romance, el romance de Galicia, el romance de Braga, el romance de Iberia”.

Non parece necesario dar máis explicacións para decatármonos de onde está a orixe de expresións como “romance arcaico”, “fabla visigótica”, tan características do xeito de presentar determinados pasaxes que ten Valle e que serían impensables na Galicia anterior a este movemento de indagación historicista, no que se popularizaron ideas como a de que o galego era a proto-lingua peninsular ou “fabla” do tempo dos suevos e visigodos.

José Luis Pensado considera que entre as denominacións “fabla visigótica”, “fabla visigoda”, “romance arcaico casi visigodo” por unha banda, e “dialecto” por outra “hay enormes distancias, ya que la primera inten-

<sup>7</sup> Iglesia González, Antonio de la: *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. Latorre y Martínez Editores. Imprenta La Voz de Galicia. A Coruña.1886.

ta ver el gallego desde una perspectiva diacrónica, mientras que la segunda lo mira a dimensión sincrónica del castellano”.


Parece necesario matizar que na segunda das definicións, dialecto, primaba entón, no século XIX, o criterio xurídico-político (ser lingua oficial ou non) como vimos antes e non o lingüístico (ser variante interna dunha lingua ou non) que se empezará a asentarse ao longo do s. XX, o que imposibilitaba manter esta caracterización para o gallego.

## II INTRODUCCIÓN DE GALEGUISMOS. AS INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

De igual forma que as ideas histórico-filolóxicas que eran obxecto de actualidade e

debate na Galicia finisecular influíron na concepción do idioma que tiña Valle, tamén a literatura galega do momento, así como a escrita en castelán por autores galegos, determinaron moitos temas e riscos formais característicos que configuran a obra do escritor vilanovés. Rubia Barcia no seu estudo “Valle-Inclán y la literatura gallega” afirma que “hay muy pocas cosas de las escritas en su región —en gallego o en castellano— que Valle-Inclán no haya leído” chegando a concluir que “toda su visión de Galicia es de factura literaria”. Mesmo observa, no que agora nos ocupa, a posible influencia de Benito Vicetto, posto que na súa prosa tamén “abundan los galleguismos y, a veces, hace que sus personajes hablen “en dialecto”, intercalando “en alguna de sus obras canciones populares gallegas”.

A este exemplo de Rubia Barcia, podemos engadirle o doutros escritores como a



Área do arquilexema “mirar” verbo da distinción ver/mirar. Do libro: *Dialectoloxía da lingua galega*. Francisco Fernández Rei. Xerais. Vigo. 1990 1ª edición.

Pardo Bazán, que sobre todo nos contos ambientados en Galicia, utiliza esta mesma técnica de caracterización, con palabras como “rapaz” ou “mantelo”, logo recorrentes na obra de Valle.

Sen embargo, aínda que se acepte que Valle utiliza esta técnica e mesmo que repite certos vocábulos xa tópicos lidos nestes autores, cabe afirmar que tamén nutre o seu léxico tomándoo directamente do medio, dos recordos da infancia vilanovesa, das longas paseatas polo Salnés, ou da súa estadía como escritor consagrado en Cambados en 1912 e na Pobra do Caramiñal a partir de 1917.

## CLASES DE INTERFERENCIAS

As interferencias de galeguismos que Valle introduciu ao longo de toda a súa extensa produción responden a causas e fins diferentes. Atendendo a esto, podemos establecer a seguinte clasificación:<sup>8</sup>

—A primeira e máis ampla é a que divide os que el, de forma inconsciente, traslada aos seus textos procedentes de hábitos lingüísticos aprendidos no galego ou no castelán dialectal falado en Galicia dos que conscientemente leva á súa obra con finalidade estética.

—A segunda, referida aos conscientes, distingue entre os que aparecen na obra ambientada en Galicia para caracterizar ambientes e personaxes, e os que —xeralmente introducidos en obras de tema non galego— unicamente teñen unha finalidade estética.

### A) INTERFERENCIAS INCONSCIENTES

Son escasas e máis frecuentes no comezo da súa andaina como escritor.



**a.1.** Polo que respecta aos galeguismos léxicos, non é doado xerbrar na obra literaria, os voluntarios dos que non o son; si en cambio, nos artigos periodísticos, onde xa non poden ser xustificadas como recurso de estilo, e nos que atopamos casos como o de “tobo”: “el idiota, refregándose al muro, iba a esconderse en su tobo del cobertizo”; no canto do castelán “madriguera”; “plaga” como castelanización fonética do galego “praga”; no canto de “maldición”, ou “luídas” “un crucero de granito que sostenía tres gradas desiguales y luídas”: todos eles nos escritos anteriores a 1895 recollidos por Fichter<sup>9</sup>.

**a.2.** Comentario especial merece a neutralización de significado que se produce cos verbos “mirar” e “ver”, con solución favora-

<sup>8</sup> Seguimos nesta clasificación a: Amor y Vázquez J. : “Los galaicísmos en la estética valleinclanesca”. *Revista Hispanica Moderna* año XXI, nº1 Enero 1958

<sup>9</sup> Fichter, William L.: *Publicaciones periodísticas de Don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*. El Colegio de México. México 1952. 1ª ed.

ble ao primeiro no arquilexema resultante. Este fenómeno non é xeral a todo o territorio lingüístico galego senón que constitúe un trazo dialectal que afecta a unha zona de Galicia bastante reducida xeográficamente, en concreto, ao seu extremo suroccidental (ver mapa pax. 17). Cómpre salientar que de tódolos espazos relacionados coa vida e obra de Valle-Inclán, só resulta marcado por este fenómeno un estreito corredor que, atravesando o Val do Salnés, cruza desde a ría de Pontevedra á de Arousa, constituído territorialmente nesta última por Vilanova de Arousa e parte de Cambados.


Este trasvase de significados de “ver” a “mirar” —trasladado ao castelán— aparece de forma recorrente ao longo de toda a produción valleinclaniana, xa se trate da voz do autor ou a de calquera personaxe (galego ou non), das primeiras obras ou das vedrañas, estando presente asemade tanto en textos propiamente literarios coma noutros de máis difícil ubicación como *La Media Noche* ou *La Lámpara Maravillosa*.

No temperán relato *A Media Noche*, a vella dille ao arriero: “Si me mira por ahí a ese enemigo de hijo, mándemelo...”. Un Marqués de Bradomín, narrador protagonista, cóntanos nas súas memorias, como Concha —en *Sonata de Otoño*— que antes estivera “desde la puerta, mirando caer la lluvia” lle contaba a súa vida, “una de esas vidas silenciosas y resignadas que miran pasar los días con una sonrisa triste”; como na *Sonata de Primavera*, ante o paso de humanistas e teólogos, doctores e bachareis polo pazo “yo hínqué una rodilla en tierra y los miré pasar”. Tamén como observando a María Antonieta, na *Sonata de Invierno* “Al rumor de los pasos, la miré huir toda blanca”. O propio autor narra a experiencia en *La Media Noche*. Aquí, “los soldados franceses, desde sus trincheras, miran el suceso con pena”; “un matrimonio con dos niños mira arder su casa, acurrucado al abrigo de otras casas en ruinas”; “Los alemanes (...) miran llegar a los jinetes

entre nubes de humo”. En *La Lámpara Maravillosa*, Valle confésanos: “He consumido muchos años mirando cómo todas las cosas se mudaban y perecían” ou que “tal manera perdura porque miramos las palabras como si fuesen relicarios”. Lembra que “aquella ciega de aldea, cuando contaba sus historias, parecía estar mirándolas en el fondo de su alma” e por si mesmo que “puesto a pensar en los afanes de otro tiempo, los miré tan ajenos que casi no me parecieron míos” por iso “era el alma libertada de los vínculos carnales, la que amaba y lloraba desprendidos”. Xa como narrador, en *Tirano Banderas* di que “un soldado tuerto (...) contaba la derrota de las tropas revolucionarias en Curopaitito (...) por aquellos llanos que no se les miraba fin” e máis adiante o Doutor Banderas “juzgándose perdido, mirándose sin otra compañía que la del fámulo rapabarras, se quitó del cinto las pistolas”<sup>10</sup>.

**a.3.** Canto ás interferencias espontáneas que afectan á morfosintaxe, encontramos en primeiro lugar aquelas que provocan un cambio no xénero como sucede no epígrafe “Tiendas y chirimbolas” do artigo “Las verbenas” en vez do castelán “chirimbolos”, ou

<sup>10</sup> Outros exemplos son: -No conto “Ádega”, recopilado en *Flores del Almendro*, a protagonista “quedó sola, sentada al abrigo de un valladar. Sus ojos tristes miraban alejarse a los otros pastores” (trasladada exactamente a *Flor de Santidad*). En *Águila de Blasón* di La Fazula: “¿No la miras cómo se entra en el río?”. El cura “miraba subir el humo como en un sacrificio” en *Gerifaltes de Antaño*. No relato “Hierbas Olorosas” de *Flores del Almendro* e logo integrado en *Sonata de Otoño*, o Marqués de Bradomín estaba “mirando caer la lluvia”. Na *Sonata de Invierno*, estando en campaña co rei D. Carlos “antes de emprender la jornada, bajamos con los caballos a que bebiesen en el río, y al mirar tan cerca la otra orilla, sentí la tentación de arriesgarme”. En *Corte de Amor*, no relato “Eulalia”, estando a Madre Cruces facendo un novelo, “Eulalia, distraída, lo mira dar vueltas bajo aquellos dedos arrugados y seniles”; en “La Condesa de Cela”, ao recoller Aquiles as cartas ao pé do leito “ella le miró hacer, muy pálida y con los ojos húmedos”. En *Voces de Gesta* “en el hombro de Oliveros, el REY la mira temblar”; antes dixerá “EL VERSOLARI: ¡En su cinta te traiga un varón y tus ojos lo miren criado!”



Repartición xeográfica de *llo/llelo*. No espacio de *llo* non se distingue entre *lle* (singular) e *lles* (plural).  
Do libro: *Dialectoloxía da Língua*. Francisco Fernández Rei. Xerais, Vigo. 1990. 1ª Edición.

o uso de “rodillo” calcado do galego “rode-lo”, ou trapo para limpar unha mesa, cando se di que “el mozo vino a pasar un rodillo por la mesa” en *Fin de un revolucionario*.

**a.4.** Tamén o uso nun texto de xuventude como “El tranvía” —do pronome relativo castelán (quien-quienes) como invariable, conforme ao uso no galego: “muchas veces me saludan gentes a quien en mi vida he visto”.

**a.5.** Asimesmo, o traslado ao castelán (lles) da neutralización que se produce no pronome de terceira persoa (lle-lles), a favor da forma de singular (lle), “le” en castelán. Este tamén é un fenómeno dialectal, pero que abrangue un territorio maioritario, no que se inclúen tódolos espazos valleinclanianos: Salnés, Pontevedra, Santiago e A Barbanza (ver mapa). Aparece en “Un Cabecilla”: “Tú le has dicho” (a eles) “dónde está la partida”. Ambas interferencias foron corrixidas posteriormente.

**a.6.** Espontáneo debeu ser tamén o uso —sobre todo nos primeiros escritos— da forma verbal en *-ra*, calcando o valor de antepretérito de indicativo que esta ten en galego, no canto da forma composta correspondente en castelán. No conto “Ádega” de *Flores del Almendro*, a protagonista “sonreía (...) llenando de agua el corcho que el peregrino santificara”, e antes “cuando se reunía en el monte con otros pastores, oíales decir que anduviera en una cuadrilla de ladrones todo aquel tiempo”. En *Femeninas* en “La Condesa de Cela”, Aquiles Calderón, nos seus primeiros tempos de estudante en Santiago “derrochara como un príncipe, mas parece ser que su familia se arruinara años después en una revolución”. Tula Varona “heredara la gentil presencia de su padre”. Suspira Perico Pondal que “fue al deshacerse aquel hogar (...) cuando conociera a Octavia Santino” no relato homónimo e La

Niña Chole rememora no camarote do barco que “los hombros desnudos, todo cuanto la mente adivinaba, cuanto los ojos vieran, todo, todo era hoguera voraz que en mi carne ardía”. Na serie *El Ruedo Ibérico*, xa ao final da carreira literaria de Valle, en *La Corte de los Milagros*, morta a muller de Tío Blas de Juanes, “la hija, al pie del ventano, sacaba del faltriquero la esterilla que mercara para decoro de la mortaja”<sup>11</sup>.

## B) CONSCIENTES

Frente ao carácter case anecdótico con que aparecen os galeguismos inconscientes, a presenza dos intencionados é notoria e permanente a través da obra do escritor vilanovés. Valle introduce estas interferencias —con maior ou menor profusión— na procura de fins diversos que varían dependendo da etapa na que a obra é escrita, do argumento da mesma, pero sobre todo, de se está ambientada en Galicia.

### b.1. Dúas épocas

Atendendo á primeira das variables, a da época de escritura, é posible falar dun cambio operado durante a longa etapa vivida en Galicia entre 1912 e 1925. Xa desde os primeiros escritos, Valle acode ao recurso da utilización de galeguismos —mesmo poñéndoo en cursiva nos anteriores a 1895— con dobre finalidade: para caracterizar ambientes galegos co uso de galeguismos léxicos, e como marca distintiva de personaxes populares galegos, combinando neste caso, os léxicos cos morfosintácticos. Tamén se caracterizan ás veces, personaxes populares non

galegos, como sucede en *Voces de Gesta*, obra non ambientada en Galicia, onde este recurso substitúe como caracterización á do dialecto ou lingua autóctonos. Noutras ocasións, vale para sinalar a procedencia galega dun personaxe como Roquito, o sacristán de Viana del Prior, voluntario na guerra carlista en Navarra en *El Resplandor de la Hoguera* do que se di que “tiene otra nación”.

A partir do momento en que se establece de novo en Galicia, Valle mantén este recurso nas obras de ambiente galego —como *El Embrujado*, *Divinas Palabras*, *Cara de Plata* ou *La Rosa de Papel*— pero cun notable incremento léxico, froito, con toda probabilidade, da observación e anotación da realidade lingüística por parte do autor. Desta maneira, incorpóranse voces non rexistradas antes como “arrente”, “burata”, “bacuriños”, “foliada”, “falagare”, “ferranchada”, “fayo”, “gargalladas”, “mámoas”, “nébodas”, “pitei-



<sup>11</sup> Outros exemplos esporádicos aparecen en *Romance de Lobos*: “Anduvo pidiendo con unas alforjinas a cuestras que le bordara la Virgen Madre”. En *Flor de Santidad* “anduviera”, “trajera”. En *El Embrujado*: “andara a pedir”, “nunca entrara”. De *Jardín Umbrío* en “La Misa de S. Electus”, “saliera”. En “Aromas de Leyenda” inserto en *Claves Liricas*, “fueran como un instante, al pasar, las centurias”.

rarlo”, ”pulo”, ”repenicadas”, etc (ver Glosario), que se suman aos anteriores ”mantelo”, ”mariñán”, ”mazorcas”, ”cati-vo”, ”corredoiras”, ”abade”...

Paradigmático deste cambio é o que se dá na serie das *Comedias Bárbaras* entre *Águila de Blasón* (1907) e *Romance de Lobos* (1908) encadrables nun primeiro período, e *Cara de Plata* (1923) no segundo. Nesta última, os personaxes populares aparecen menos marcados pola morfosintaxe galega pero, en cambio, prodúcese unha ampliación léxica tanto no que afecta a estes como un maior uso nas acotacións.

Sen embargo, o máis importante non radica neste incremento cuantitativo senón no cambio cualitativo que supón a utilización con fins unicamente estéticos —por expresividade ou por sonoridade— de términos galegos. Así palabras como ”denantes”, ”farruco”, ”fechar”, ”lostregar”, ”velido” ou expresións como ”andar a modo” (ver Glosario) ingresan na prosa de obras non ambientadas en Galicia como *Tirano*

*Banderas* ou as que compoñen a serie de *El Ruedo Ibérico*. Pódese dicir que Valle está a poñer en práctica o que máis tarde corroborará en 1932 no discurso do banquete ofrecido con motivo do éxito de *Tirano Banderas* no que di: ”Yo que vengo de Galicia, región de campo dulce y bello, he pretendido darle al castellano el sentido labriego que no tiene, porque el campo de Castilla no es amable”.

## b.2. Localización e tema

As outras dúas variables poden ser anlizadas de forma conxunta.

—A primeira, que a obra estea ou non ambientada en Galicia, determina en caso afirmativo, a presenza na narración ou nas acotacións escénicas, de galeguismos léxicos que nos evoquen ambientes e paisaxes galegos. Así ”lejanas risas de foliadas, panderos, brincos y aturujos repenicados, tienen alertada en la cama a Pichona la Bisbisera” son os termos utilizados nunha acotación de *Cara de Plata* para evocar unha atmósfera festiva en Galicia.

—A segunda ven marcada pola natureza do tema e argumento da obra, determinantes da maior ou menor presenza de personaxes populares que son os que aparecen hipercharacterizados lingüísticamente. Enténdese por iso, a escasa presenza de galeguismos en *Epitalamio* ou en ”La Condesa de Cela” que aínda ambientadas en Galicia, prescinden da intervención de personaxes populares.

## b.3. A lingua na Galicia do XIX

Antes de detallar os recursos léxicos e morfosintácticos cos que Valle acomete a caracterización dos seus personaxes, cómpre analizar o motivo de que esta sexa selectiva, buscando as causas na maneira de ser da Galicia que Valle trasladou aos seus textos e os seus comportamentos lingüísticos.

O escritor arousán ambientou a súa obra nun tempo que abrangue o último tercio do





Foreiros. (Arquivo. Editorial NIGRA)

século XIX e os inicios do XX. Nela presentáanos un mundo predominantemente rural e dividido estamentalmente. Isto é o que sucede nas *Comedias Bárbaras*, nos contos de *Jardín Umbrío* ou en *El Embrujado*. Outras como *Divinas Palabras* ou *La Rosa de Papel* son de ambiente exclusivamente popular, como acontece na primeira, na que o personaxe máis elevado é o pedáneo que dá fe da morte de Juana del Reino e que mediante interferencias aparece caracterizado como galego falante.

Pola contra, o mundo urbano —non dominante pero si existente na Galicia do XIX— co seu modo de vida desvencellado desta sociedade tradicional, é discriminado na Galicia literaria de factura valleinclaniana.

En efecto, o país chegou ao final desta centuria co lastre do atraso económico resultante do fracaso de sectores que debían prota-

gonizar o paso a unha economía capitalista<sup>12</sup>. Isto provocou unha lenta transición desde unha sociedade estamental de base agraria, fundamentalmente rural, a unha de tipo urbano na que a dialéctica social fose protagonizada polas modernas clases sociais, a burguesía e o proletariado.

A permanencia desta sociedade rural constituída dunha banda por unha minoría dominante —clero regular ou secular, nobreza vilega e fidalguía rural perceptora das rendas da terra— e por outra, unha maioría —os labregos foreiros pagadora destas—, fixaría neste momento o estereotipo dunha Galicia de eterna vocación agraria.

Como o galego, por circunstancias que logo veremos, era o idioma desta maioría

<sup>12</sup> Beiras Torrado, X.M.: *O atraso económico de Galicia*. Galaxia. Vigo.1972

campesiña cando a fidalguía, o clero e a burguesía xa o abandonaran ou estaban a facelo, era lóxico que, na distribución de papeis, Valle distinguese en *La Lámpara Maravillosa* entre “catalán de navegantes, galaico de labradores, castellano de sojuzgadores”(97). Para Valle-Inclán, neste “latín galaico cantan como en geórgicas las faenas del campo con mitos y dioses, presididas por las fases de la luna, regidora de siembras, de ferias y de recolecciones”.

Esta realidade é trasladada á súa obra substituíndo o galego por un castelán interferido de galeguismos nos personaxes populares fronte ao correcto castelán dos estamentos elevados.

Con todo, esta sociedade estamental e agraria foi esmorecendo no decorrer deste século, desprazada por dous novos acontecementos, un no terreo político-administrativo e outro no económico. Ambos tamén provocaron cambios nos comportamentos lingüísticos.

O primeiro destes acontecementos foi a alteración que supuxo a instauración —a partir de 1833— do novo Estado Liberal, coas súas estruturas administrativas, xurídicas, económicas e sobre todo, educativas e culturais que se suman e incrustan —ás veces sen encaixar— na vella sociedade daquela aínda en trances de desaparición. Como o idioma oficial desta administración centralizada é o castelán, novos sectores sociais súmanse ao coñecemento desta lingua, limitado no Antigo Réxime ao clero e á nobreza. Por iso en *Los Cruzados de la Causa*, no pranto polo soldado morto —procedente do estamento popular pero militar no exército do Estado liberal— as “mujerucas” salaiaban: “¡Ay, qué bien cortaba castellano!” polo que deducimos o cambio lingüístico operado no xoven co seu recrutamento militar.

Tamén cando en *Divinas Palabras* se ponderan as cualidades de Mari-Gaila por parte dunhas “mujerucas”, unha di: “corta el castellano como una alcaldesa”, comparán-

do precisamente coa cónxuxe ou ocupante dun centro de poder do novo réxime.

O segundo foi a aparición dunha burguesía comercial de orixe foránea —maragata, rioxana etc— nos principais núcleos urbanos de Galicia, pero sobre todo o cambio que significou a transformación —a partir da última década do XIX— no entorno das Rías Baixas, da tradicional industria da salga nun próspero sector conserveiro que mudou considerablemente as estruturas socioeconómicas arriba descritas.

Como antecedente desto hai que mencionar o feito de ser a Ría de Arousa o principal foco de asentamento dos fomentadores de salazóns cataláns<sup>13</sup>, liderando precisamente esta localización Vilaxoán e a vila natal de Valle-Inclán, Vilanova. Estes asentamentos foron sempre considerados o principal foco de castelanización idiomática entre os séculos XVI e XIX.

Tampouco eran alleos a certo grao de desenvolvemento industrial e urbano os outros espacios relacionados coa biografía de Valle, en contraste con outras moitas bisbarras galegas. Cabe destacar aquí o destacado lugar ocupado pola comarca padronesa na produción de lenzos de liño ata a crise de mediados de século, ou o activo tráfico portuario de Carril co resto de Europa e América impulsado pola burguesía compostelá —daquela a máis importante de Galicia—fomentadora tamén neste porto dunha importante industria de fundición de ferro, e finalmente do primeiro ferrocarril galego entre esta localidade e Santiago.

Todo isto provocou a aparición dun mundo urbano —no eixo Vilagarcía-Carril— e en consecuencia, o dunha burguesía á que hai que ter en conta á hora da atribución de usos lingüísticos nesta Galicia finisecular. O

<sup>13</sup> Meijide Pardo, A. : *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa (1780-1830)*. A Coruña, 1973.

propio entorno de Valle-Inclán é dúplice, de orixe fidalga pero cun pai funcionario de Facenda, empresario periodístico en Vilagarcía, accionista do ferrocarril Santiago-Carril, e ideolóxicamente liberal<sup>14</sup>.

#### b.4. Lingua e personaxes

Mais ¿que comportamento lingüístico ten cada un destes grupos e cal é o seu reflexo nos personaxes que aparecen na obra de Valle?

Despois da política de asimilación cultural e lingüística levada a cabo pola Corte de Castela a partir do século XVI<sup>15</sup> coas elites nobiliaria e eclesiástica, a sociedade galega aparecía dividida lingüísticamente en dúas partes totalmente asimétricas: nunha, a nobreza e alto clero —na súa maior parte orixinarios de fóra de Galicia— usuarios do castelán oral e escrito; noutra, o resto da poboación — máis do 90%— na que mesmo habería que incluír certos sectores da fidalguía e do clero secular, que o serían do galego.

Estamos ante o chamado bilingüismo con diglosia de lingua minoritaria dominante<sup>16</sup>, xa que a pesar de ser minoritario, o castelán era a lingua de uso escrito no ámbito cortesán, eclesiástico, militar e académico.

Sen embargo, esta situación que permanecera estable durante tres séculos comezou a mudar no XIX<sup>17</sup> coa irrupción en escena da nova clase funcional e burguesa á que antes aludíamos e aos seus novos usos lingüísticos.


Con todo, o que para nós ten máis interés é o comportamento que ante este tema tiveron sobre todo, a fidalguía, o clero e a poboación rural campesiña, ao seren estes de maneira sinalada, os protagonistas da obra ambientada en Galicia.

<sup>14</sup> Ver *Cuadrante*, Nº 1.

<sup>15</sup> Mariño Paz, R.: *Historia da Lingua Galega*. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela. 1998.

<sup>16</sup> Hermida, C.: op. cit. Páx. 25-62.

<sup>17</sup> Mariño Paz, R.: op. cit. Páx. 331-425.



**A Fidalguía.** Mariño Paz, ao analizar “a evolución e conducta lingüística da fidalguía galega” coida “que non se pode falar dun comportamento lingüístico uniforme para tódolos integrantes deste estamento durante o Antigo Réxime e o século XIX, xa que tampouco se debe pensar que a composición do propio estamento era uniforme”; “é evidente —continúa— que as casas fidalgas máis destacadas, refinadas e urbanizadas abandonarían o galego antes e máis categóricamente ca aquelas menos distinguidas e menos arredadas do mundo campesiño”. Asemade, habería que diferenciar entre os “fidalgos vinculeiros” que “tiveron polo xeral pouco comercio coas letras e viviron moi apegados ao agro” e os segundoxénitos dirixidos ao exército, á igrexa ou á universidade, o que provocaría a súa castellanización dados os usos lingüísticos imperantes nestas institucións.

Dos personaxes que transitan pola literatura valleinclaniana, semella claro que é o Marqués de Bradomín o representante máis

acaído deste prototipo de nobre máis ilustrado —nel dase unha total ausencia de caracterización lingüística galega—, sendo Don Juan Manuel Montenegro dos “vinculeiros”, aínda que na obra de Valle xa tampouco aparece marca ningunha que nos fixera supoñelo galego falante, como acontece cos criados que o serven no pazo ou os foreiros que del dependen. Este segmento fidalgo abandona o galego no transcurso do XIX como sinalaba Murguía no discurso como Presidente da Real Academia Galega en 1906 cando di que “cuando yo era niño, todos a mi alrededor hablaban gallego. Cincuenta años bastaron para que las clases elevadas, que antes entendían no cometer falta, usando el lenguaje que todos entendían, hayan cambiado”<sup>18</sup>.

Canto ao comportamento lingüístico dos personaxes femininos deste estamento nobiliario na obra de Valle, cabe apuntar que parece coincidente co que desvelan os testemuños escritos da época. O XIX foi o século de avance do castelán —sobre todo na Galicia urbana— a camadas sociais ás que antes non chegara, ou fixérao de forma feble. A esta moda non se sustraeron a muller fidalga nin a burguesa. Murguía<sup>19</sup> comparaba en 1879 a nova situación coa do século anterior cando “se estableció en Santiago una Academia para el estudio de nuestro dialecto. Protegíanla las damas más aristocráticas y ricas, que en esto no se parecían ciertamente a las actuales burguesas, cuya ineptitud sólo corre pareja con su habitual ligereza. Ni se desdeñaban de hablarle, ni menos encontraban de mal tono el acento natal. Tenían por cierto, una más levantada idea de su patria y de sí mismas. Tenían también una cultura intelectual superior a la de las mujeres de hoy”.

<sup>18</sup> Murguía, M.: “Discurso del Señor Académico Presidente”. BRAG. Páx. 6-7. A Coruña, 1906.

<sup>19</sup> Murguía, M.: “¿Desaparecerán los dialectos?” en *La Ilustración Gallega y Asturiana*. 30-7-1889.



Algo máis tarde, en 1912, García Blanco<sup>20</sup> laiábase do grande avance que nesa altura estaba a experimentar o castelán —lingua de moda— no mundo urbano pero “por un modo especial entre el llamado con justicia bello sexo (en el cual toda frivolidad y toda cursilería tienen, sin embargo, su natural asiento)” no que “es de todo punto intolerable la menor oposición a este prejuicio”, e pregúntase “¿No son inconciliables la fealdad y la hermosura, la tosquedad y la delicadeza, la insipidez y la gracia? ¿No dejarían de ser bellas, delicadas, graciosas, la dama de distinción, la anémica señorita mesocrática, la plebeya menestrala, si en ella se sospechase que usaban el feo, tosco e insípido hablar galaico?”. E finalmente, conclúe: “Y para hacer ver que no se le usa ¡en cuán extrañas ridiculeces, en qué chocante afectación, en qué extremos de

<sup>20</sup> Op.cit.



Señores de Pazo. (Arquivo Editorial NIGRA)

fatua presunción se incurre a menudo!(...) por ridículo snobismo”.

Pois ben, con este comportamento correspóndese perfectamente o de Augusta —a protagonista de *Epitalamio*— a quen Valle, cunha punta de ironía, fai rexeitar a palabra galega “patín” para sustituíla pola inglesa “ladder”: “The ladder, como decía Augusta, era una escalinata de piedra, con antiguo y labrado balconaje entre verdes enredaderas prisionero. Durante el estío, cuando los señores trocaban el hotel de la Castellana por el solariego pazo, aquel poético rincón cambiaba de aspecto, y aún de nombre. Era muy bella la boca de Augusta, y muy aristocrático el movimiento de sus labios para llamarle el patín como hacía el señor capellán y los criados. Su snobismo de condesa pontificia sugeríale siempre alguna palabreja inglesa sorprendida en las crónicas de La Grand Dame y pronunciada como Dios quería (...) pero llegaban las primeras nieblas de octubre

y los señores regresaban a la Corte; entonces, el patín recobraba su aspecto geórgico y campesino (...) y la vieja criada que había conocido a los otros señores hilaba sentada al sol con el gato sobre la falda”.

No relato “Augusta” —variante recopilada en *Corte de Amor*— “patín” aparece sustituido por “solana”.

Aínda sen alusións explícitas como estas —a unha nobreza desprazada e alienada— pero si con ausencia de interferencias lingüísticas galegas, cabe unha interpretación semellante na caracterización de La Condesa de Cela e de Rosarito nos relatos que protagonizan en *Femeninas*. A mesma que para Eulalia en *Corte de Amor*, para Concha en *Sonata de Otoño* —“La Dama” na versión teatral de *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos*— e para Dona María, aínda que máis matizada en *Águila de Blasón*.

Só Sabelita —a afillada de Don Juan Manuel Montenegro e Dona María en concubina daquel— que se dirixe a eles como “padriño” e “madríña” evocaríase con estes apelativos un comportamento lingüístico diferente, tal vez bilingüe.

Bo expoñente do cambio xeracional, tamén asociado á dicotomía rural/urbano é alusión á avoa no conto “Mi hermana Antonia” de *Jardín Umbrío*, onde trala morte da nai, a avoa ven a Santiago para levalos á aldea, San Clemente de Brandeso, “que estaba a siete leguas de Santiago”. Ao chegar “Nos habló en dialecto: —Murió la vuestra madre(...)”.

Pois ben, salvo estes sous personaxes, tódolos que encarnan damas nobres ou fidalgas aparecen desprovistos de caracterización galega no plano lingüístico.

**Clero.** No que atinxe ao clero, Carme Hermida<sup>21</sup> pensa que este sector da sociedade, no s. XIX sempre “era presentado maio-

<sup>21</sup> op. cit.

ritariamente facendo uso do castelán, tanto na súa función pública, é dicir, predicando, coma na vida diaria” Aínda que —continúa— “este comportamento lingüístico resulta abondo incompreensible se se ten en conta que “o 80-90% dos seminaristas entre 1829 e 1868 proceden das parroquias rurais” (Barreiro Fernández, 1981) e polo mesmo tiñan como lingua materna o galego”. “É posible entender este cambio de código (...) segundo o mesmo autor” —continúa Carme Hermida— como “resultado da escolma e da formación” dada ó futuro crego, que perseguía o seu desclasamento. Este comezaba “cortándolle as raiceiras que o unían a todo aquilo que, até o momento, constituía a súa vida e o seu entorno. O seminarista prohibíasele falar galego que era a lingua que sempre falara”. E o resultado desta prohibición foi o abandono da súa lingua materna en beneficio da castelá, deformada con moitos galeguismos”.

Valle fai unha alusión a este colectivo e ao seu comportamento lingüístico ao final da primeira escea de *Águila de Blasón*, onde fóra da igrexa colexiata hai “una calle angosta, con soportales, donde pasean en parejas algunos seminaristas que hablan en dialecto y visten el traje de los clásicos sopistas, burdo manto de bayeta y derrengado tricornio”. Tamén en *Jardín Umbrío*, no conto “Mi hermana Antonia” se fai referencia aos seminaristas procedentes do medio rural cos que vivía Máximo Bretal e dos que di: “son estos los seminaristas pobres a quienes llaman códeos”. Este último término fai referencia ao costume, por necesidade, de levar ao seminario a comida de casa, tamén o pan, que endurecido facía as codias que xantaban toda a semana.

Dos cregos ordenados, o máis acaído a este último retrato é o de San Rosendo de Gondar, no conto “El Rey de la Máscara” en *Jardín Umbrío*. Aparece caracterizado con algún que outro galeguismo como en “ahora cumple hacer callar a ese perro”, co senso do



“cómpre” galego; ou “¡Válate Dios la hornada!” usando esta expresión que asociaba Valle á lingua dos maiores<sup>22</sup>.

Tamén encadraría aquí Don Benicio, o crego do conto “Rosarito”, quen amén doutras peculiaridades aparece caracterizado sintacticamente ao relatarlle á Condese a xornada de cazata co Sumiller e o abade de Cela o “día de San Cidrán” no monte. Alí “hiciéronme una jugarreta del demonio. Todo el día estuviéronse riendo”, calificándoos por isto de “rapaces” e en concreto ao Sumiller de “raposo”. Habería que sumar a estes —para completar este primeiro grupo— ao abade de Santa Baya de Cristamilde, no conto “Juan Quinto” e ao de San Clemente de Brandeso en “La misa de San Electus”, todos en *Jardín Umbrío*.

Na produción restante do autor, este estamento xa non aparece caracterizado lin-


<sup>22</sup> Así o di no artigo “Madrid de noche”: “¡Válate Dios! —como dicen las viejas—.” en Fichter (op.cit).

güísticamente consonte co dito ao comezo. Nen o capelán do pazo, Don Manuelito, en *Romance de Lobos*, nen o Deán e mailo Chantre da Colexiata de “Viana del Prior”, o capelán ou Fray Gerónimo Argensola “de la regla franciscana” en *Águila de Blasón*, ou xa máis tarde —na escrita de Valle— o abade de Lantañón en *Cara de Plata*, introducen galeguismos nas súas intervencións nas *Comedias Bárbaras*. Tampouco Don Benicio, o abade de Brandeso na *Sonata de Otoño*.

Si, en troques, o segmento social de extracción popular, máis en contacto co clero, representado polos sacristáns. Hai tres senlleiros na obra de Valle-Inclán: Roquito —dentro da triloxía *La Guerra Carlista*— a quen se alude indirectamente en *Los Cruzados de la Causa*, pero que aparece xa no escenario, como voluntario, na guerra carlista pola Navarra de *El Resplandor de la Hoguera*. Aquí, é caracterizado lingüísticamente como personaxe galego, entre outros, co repetitivo “vaites, vaites”, ou terminacións verbais como “dejay”, “aguarday”, ou “sacaime”, en contraposición a outros personaxes galegos pero do estamento nobiliario como *Cara de Plata* ou a Madre Isabel que non o están.

En cambio si se usan as interferencias galegas para marcar personaxes populares vasco-navarros, en substitución dos seus propios trazos dialectais, como acontece con “La Josepa”, “La molinera”, ou “La abuela”, polo que máis semella marca de grupo social que de grupo xeográfico.

Outro é Pedro Gailo, sacristán de San Clemente “anejo de Viana del Prior” coa súa familia, Mari Gaila e Simoniña, en *Divinas Palabras*, que en paralelo co sacristán de S. Martiño de Freyres en *Cara de Plata* —tamén con sacristana, “hija bigardona” e coro de crianzas— mesturan as interferencias galegas con resabios de orixe litúrxica, dando lugar a un peculiar rexistro que os individualiza como personaxes “ponte” entre os estamentos xerárquicos e o pobo. Así, na Xornada III, escena III, exclama este último, finxindo





atoparse en trance de morte: “¡Madre del Verbo, ven en auxilio de este devoto, que va a comparecer ante el Supremo Tribunal!, ¡Me roe como un can de la rabia, este dolor que me acometió en calidad de repentino, Madre de los Pecadores!, ¡Me roe en los cadriles, Madre Soberana!, ¡Dolor de ijada repentino es el apelativo que aquí le damos, Mater Inmaculata!”. Logo, e de maneira acompañada, o coro de crianzas dirá de xeito simbolicamente recorrente, xa directamente en galego: “¡Ay, o noso paisiño!, ¡Ay, o noso paisiño!”.

**Personaxes populares.** Xa finalmente e polo que respecta aos personaxes que poderíamos denominar populares, cómpre dicir que son os que aparecen caracterizados como galego-falantes, mediante o recurso de trasladar aos diálogos nos que interveñen, numerosos galeguismos léxicos e morfosintácticos.

Sen embargo, e antes de pasar á súa análise, parece necesario advertir que en non poucas ocasións este recurso é tamén utilizado —como xa antes comprobamos en *El Resplandor de la Hoguera*— como caracterizador de personaxes populares non galegos.

#### A) PERSONAXES POPULARES NON GALEGOS

Así sucede, por exemplo en *Sonata de Primavera*, cando uns meniños acoden ao Palacio Gaetani na procura da esmola que reparte M<sup>a</sup> Rosario. Nos agradecementos, introducen termos como “curmana”, “cativo” ou a perífrase aspectual co valor perfectivo reiterativo que esta ten en galego: “tamén a mí me tiene recogido”.

En *Cuento de Abril*, ambientado nun pasado medieval indeterminado na Provenza, atopamos galeguismos ou calcos semánticos como “amuestra”, “mercar”, “foje” (por “foxe”), “canes”, “bandullo” ou “rifaban” entre outros, que son comúns a tódolos personaxes e onde ao mellor está latente a non diglosia do galego medieval.

En *Voces de Gesta* poden ter unha dobre función, ben a consabida caracterización de personaxes populares ou a evocación dun mundo antigo, arcaico. Aparecen aquí “home”, “agora”, “testa”, “raposo”, “figueiredo”, “feridos”, “canes”, “marela”, “vermella”, “gola” ou “tobos” xunto con interferencias morfosintácticas como a perífrase co valor reiterativo, antes comentada, en “yo le tengo dado lecho en mi cabaña”.

Estas e outras aparecen do mesmo xeito noutra obra de ambiente histórico como é “Farsa Italiana de la Enamorada del Rey” no *Tablado de Marionetas para la Educación de Príncipes*.

En *La Media Noche* son usados para dar carácter espontáneo e próximo aos diálogos dos soldados franceses da Primeira Guerra Europea apostados nas gabias, con xiros como “en llegando”. En *Tirano Banderas*

aparecen expresións como “denantes”, “de aquela”, “la tema”, “fechos”, “coidame”, e tamén perifrases como “tengo tratado” ou “tiene hablado”, marcando as intervencións en diálogo de tódolos personaxes sen distinción. Por contra, na serie *El Ruedo Ibérico*, só o narrador e os personaxes populares utilizan galeguismos. Poucos en *La Corte de los Milagros* —reducidos aos personaxes de “El Coto de los Carbajales”— como “engayolar”, “gayola”, “dende”, “francachelas”, “fayado” ou “cachucha”. Aumentan sen embargo, nas demáis, fundamentalmente en *Viva mi Dueño*, tanto no autor narrador coma nos personaxes. Deste xeito, aparecen entre outras: “fecho”, “rachar”, “piperete”, “pan-tasma”, terminacións verbais como “dejai-me”, “avisai”, ou usos de infinitivo en construcións como “cuidé de no rebullir”.

## B) PERSONAXES POPULARES GALEGOS

Inclúense baixo este epígrafe aqueles personaxes que non pertencen ao estamento nobiliario nen ao eclesiástico antes vistos, nen á burguesía galega —de escasísima presenza na literatura de Valle— apenas insinuada con algún escribán.

Son polo tanto, os criados que serven nos pazos, os campesiños foreiros, cegos e mendigos, así coma algúns mariñeiros e xentes da vila (Viana del Prior fundamentalmente), presentes nalgunhas obras.

A súa caracterización lingüística mediante o recurso dun castelán inzado de galeguismos de todo tipo que os presenta como usuarios do galego, na maioría da obra de Valle-Inclán ambientada en Galicia, elabora un verosímil retrato do bilingüismo con diglosia presente na sociedade galega dende o século XVI, pero cuantitativamente incrementado no XIX, como xa se ten apuntado.

Esta dicotomía lingüística de tipo diglósico aparece con máis intensidade nunhas obras ca noutras. Alta, por exemplo, na versión teatral *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos*, onde trala primeira

xornada dominada por personaxes como o paxe-campesiño “Florisel”, “La Madre Cruces”, “La Quemada”, “Minguña”, “El Morcego” ou “El Manco de Gondar” con caracterización popular con interferencias galegas, supón un forte contraste co que aparece na segunda, na que o Marqués, a Dama, o abade etc., pasan a monopolizar o escenario, o que supón a desaparición dos diálogos con galeguismos.

Noutro extremo hai que ubicar obras como *Divinas Palabras*, *El Embrujado* ou *La Rosa de Papel*, onde a práctica ausencia de representantes dos estamentos dominantes homoxeiniza as caracterizacións.

No que atinxe á ubicación, excepto Roquito, en campaña pola Navarra carlista —como xa temos visto— e Sabel —“vieja aldeana vestida de estameña”—, criada de nome “sencillo y arcaico” que o tamén galego Pedro Pondal ten en Madrid e única hipercharacterizada lingüísticamente en *El Yermo de las Almas*, todos os demáis personaxes aparecen nos escenarios rurais nas contornas das valleinclanianas Viana del Prior e Flavia Longa.

Isto está en consonancia co perfil sociolingüístico, ao que nesta altura do XIX quedara reducido o galego, como lingua maioritaria numéricamente, predominantemente rural e carente de uso nas clases elevadas.

## TIPOS DE INTERFERENCIAS

Os personaxes populares galegos, os máis intensamente caracterizados, apáreceno de dúas maneiras: mediante o léxico e por medio dunha morfosintaxe, xiros e frases feitas trasladadas ou calcadas do galego.

### 1. INTERFERENCIAS NO LÉXICO

Introducidas en cursiva nos contos e artigos anteriores a 1895, esta marca tipográfica desaparece posteriormente quedando a palabra galega integrada no discurso. Poden ser de varios tipos:

### 1.1 Traslado directo do galego:

—De sustantivos como: abade, bacuriños, cadela, crianzas, corredoira, cirolas, cuspe, foliadas, fayó, ladra, leria, léveda, maiza, orballo, tobo, viño, veiral, velido, vitelo etc.

—De verbos como: acudide, afógate, chantaría, ¡cuidade!, dade, estábades, merca-redes, espareció, esquecírame, fecha, rastreade, riade vedes, veredes etc.

1.2 Con adaptación fonética ao castelán: foje, friaje, valladares, trujo, jugueta, romaje, rajo, ruero, tollera, revolver...

1.3 Coincidindo ás veces o uso galego cun arcaísmo castelán: en fabla, vegada, finestra, fierros, dende, priesa, frade, magi-no, penedos...

1.4 Preferencia por un vulgarismo caracterizándoo como uso galego: pior, sabidora, sisiones, señor...

1.5 Discriminando positivamente a solución galega en contra da máis usual en castelán: desenvuelve, guedeja, iglesario, remataban, yantar, encrucijada, revenida, festero, testa, hozaban, hírguete, semeja, pensar que, procuraba, pelechando, petar, luengas etc.

## 2. INTERFERENCIAS GRAMATICAIS

O outro recurso utilizado para caracterizar a fala dos personaxes populares galegos é o traslado ao castelán de valores e estruturas gramaticais peculiares ou exclusivas do galego.

Mesmo ás veces, a transferencia é total mediante a introducción dunha frase completa en galego, como sucede no coro de crianzas, fillos do pseudomoribundo sacristán en *Cara de Plata* ao que lle repiten: “¡Ay, o noso paísño!”.

Sen embargo, cáseque sempre é parcial, e afecta aos distintos niveis gramaticais, que clasificamos a continuación.

### 2.1 Interferencias fonéticas

Aparición ocasional do seseo explosivo, trazo dialectal propio de parte das tres grandes áreas lingüísticas do Bloque Occidental

Galego<sup>23</sup>. Na Ría de Arousa aparece en ambas marxes costeiras, Salnés e Barbanza.

Das voces localizadas na obra de Valle que presentan este fenómeno, unha é o topónimo “La Bensa”(A Bensa), nome dunha pequena illa da Ría de Arousa na saída da enseada da Pobra do Caramiñal, que en *Romance de Lobos* aparece co nome de Viana del Prior. Naquel topónimo, o seseo está incorporado oficialmente ao nome.

Outro término con seseo é o que se refire a un cetáceo común nesta ría: o arroaz. Méntase en *Romance de Lobos* coa pronuncia dialectal, cando o cego de Gondar lle contesta á muller do Morcego que D. Juan Manuel salvou do naufraxio porque “Al Señor Mayorazgo no lo quieren ni los arroases de la mar, ni los demonios del infierno”.

As outras dúas aparecen en exclamacións; a primeira é a comentada máis arriba de *Cara de Plata* (“¡Ay, o noso paísño!”). A segunda, cando Micaela la Roja agradece en *Los Cruzados de la Causa* a confianza de Don Juan Manuel Montenegro dicindo: “¡Dios se lo pague, mi reisiño!”.

Cómpre comentar aquí un caso de ultracorrección que se produce na primeira versión do conto “A Media Noche”<sup>24</sup>, no que Valle utiliza a palabra “macidáns” que logo troca por “arrieiros”, na versión deste mesmo relato recopilada en *Jardín Umbrio*. A forma correcta é “masidáns” ou habitantes de Maside (Ourense) —onde non hai seseo— que por se adicar de vello ao tráfico de carnes e salgados, o seu xentilicio veu a ser sinónimo de arrieiro. Valle malinterpreta como seseo a forma normal e ultracorríxea.

### 2.2. Na morfosintaxe<sup>25</sup>

<sup>23</sup> Fernández Rei, Francisco: *Dialectoloxía da lingua galega*. Ed. Xerais. Vigo

<sup>24</sup> Fitcher, W.L.: op.cit. páx. 53

<sup>25</sup> Utilízase como referencia a *Gramática Galega* de Álvarez Blanco, R.; Regueira, X.L. e Monteagudo, H. Galaxia. Vigo. 1986.

2.2.1. Nos nomes. Sustantivos e adxectivos.

a) Con cambios de xénero como “las colores”, “la puente”, “la dolor” presentes sobre todo na obra ambientada en Galicia: “Tiene los ojos lucientes como un can adolecido, y la color más amarilla que la cera”, dille a vella a Ádega en *Flor de Santidad*.

b) Co uso do característico sufixo diminutivo galego *-iño*. Frecuente en nomes de persoa: Monchiña (*Romance de Lobos*), Sabeliña (*Cara de Plata*), Simoniña (*Divinas Palabras*), Rosiña (*La Rosa de Papel* “en Retablo...”), Bieitiño (*Los Cruzados de la Causa*); en nomes de santos: S. Benitiño (*Cara de Plata*) ou nos comúns como “barriquiña” (*Romance de Lobos*), “buratiña” (*Cara de Plata*) ou “baldadiño” (*Divinas Palabras*) que aparecen con valor afectivo, non diminutivo: “¡Con saludiña se mantenga!” dille Sebastián de Xogas ao abade en *Cara de Plata*.

c) No traslado ao castelán de sustantivos ou adxectivos de orixe derivativa coa sufixación propia do galego como en bufarada, figueiral, figueiredo, dentallada ou humildoso.

### 2.2.2. No pronome persoal.

a) Mediante o uso directo das formas pronominais propias do galego. Tal sucede cos tónicos Nós e Vós de abundante aparición na maioría da obra de ambiente galego: “Hermana Rebola, sopla en el lar. Nós tras la puerta hemos de amasar” (*Romance de Lobos*); ou en *Flor de Santidad*: “¡Si a nós quisiera aparecerse! (...) —Vós no sabéis que para encantar a los caminantes, con su gran fermosura los atrae (...) ¡Desgraciados de vós!”.

Tamén aparecen aínda que con pouca frecuencia o átomo LLE ou a concorrencia pronominal LLO: “Agora bajo a franquealle la puerta”(14) e “Fue quien sabían agradeceullo”(70) din La Rosa e Andreña en *Romance de Lobos*.

O neno paxe Florisel fai uso do cortés VOSTEDES: “¿Vostedes es la primera vez

que vienen a la limosna?” e logo de VOSTEDE: “A mi paréceme que le conozco. ¿Vostede no me dijo que era de S. Clemente?” en *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos*.

Especial atención merece o uso de LE como dativo de solidariedade. Frecuente nos primeiros escritos —“Ádega”, “A Media Noche” ou “Cartas Galicianas”—, desaparece practicamente despois. Só hai unha recurrencia en *Águila de Blasón*: “verdad le dije, señora Micaela. Éranle siete hombres con las caras tiznadas” —dille o zagal a La Roja. Nos comezos temos estes exemplos: En “A Media Noche”<sup>26</sup> contesta o mozo, que fala en “su dialecto” ao xenete ao que acompaña sobre o que resta de camiño: “Por eso aún le es un buen pedazo”; e sobre se hai ou non perigo no camiño: “Hayle y bien que le hay”. Máis adiante ao preguntar a arrieiro se estaba Brión, —contesta unha vella: “— No le está...”. En “Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira” nas *Cartas Galicianas*<sup>27</sup> ao lle preguntar á moza na baixada do monte pola princesa moura encantada, contesta: “¡Ay! señorito, como le es un encanto, no se aparece siempre”.

b) No plano da sintaxe tamén se producen transferencias dunha lingua a outra destacando a que afecta á colocación do pronome. Isto prodúcese de diversas maneiras:

—Coa aparición do pronome posposto ao verbo. É posiblemente o recurso máis utilizado por Valle, xa que aparece en tódalas obras de ambiente galego e en numerosas ocasións. Algúns exemplos son: “¡Asús!... Como cristianos sonlo, sí, señor!” di Ádega en *Flor de Santidad*; “Comiólo quien tenía dientes” di Andreña en *Romance de Lobos*; “¿Óyesme?... ¡No llesves temor!”; son as palabras de Pedro Gailo a Simoniña en *Divinas Palabras*.

<sup>26</sup> Fitcher, W.L.: op. cit. P.48

<sup>27</sup> Fitcher, W.L.: op.cit. p.79.

—Asimesmo é utilizado o cambio de ubicación do pronome átono provocado pola presenza dun infinitivo. En *El Embrujado* o Cego de Gondar comenta: “Todos tenemos que callar y nos encubrir” e máis adiante dirá a súa moza: “Déjale con su querella, que causa tiene para nos aborrecer”. En *La Rosa de Papel*, Simeón Julepe di ao ver ás “cotillonas” onda súa muller encamada: “¡Rediós! ¡A se apartar prontamente!”. En “Por la tierra salienense. El Castillo de Lobeira” de *Cartas Galicianas*, a moza comentando un encantamento que hai no monte de Lobeira, di que o castrón estaba “siempre a se reír, a se reír”.

c) Trasládase tamén a ausencia —propia e habitual do galego— do reflexivo con verbos que o esixen en castelán. En *Águila de Blasón* di La Pichona: “A un curmano de mi madre que hizo la aventuranza de ir y traer un hueso se le apareció la Santa Compañía...! Y de allí a poco tiempo dio en ponerse amarillo como la cera y murió”, no canto de “se murió” como calco do “morreu” galego non reflexivo. En *El Embrujado*: “Murieron las tórtolas que estaba criando para el lucerín”; Máis tarde dirá Dna. Isoldina: “¡Cayó en la cancela! ¡Tiene el niño abrazado!”

### 2.2.3. No posesivo.

Na abundante utilización dun artigo precedendo a un posesivo, de uso obrigado en galego.

En *Flor de Santidad* exclama Ádega ante o pelegrín morto: “¡Y cómo ellos vos dejaron cuitado del mío querer!”. En *Los Cruzados de la Causa* replicou Micaela La Roja: “No son ladrones que, por veces una voz muy temerosa clama por el nuestro amo!”. En *Cara de Plata* un pastor desanima aos chálans nas súas pretensións de parlamentar con D. Juan Manuel, xa que cando el o intentou “me oyó tirándose de las barbas, y acabó con que fuese a pedírselo la mi parienta”.

### 2.2.4. No verbo

a) No uso de formas non persoais —infinitivo, xerundio e participio— con valores

pouco habituais ou inexistentes en castelán.

—Aparición en *La Media Noche* do xerundio precedido da preposición “en” co valor aspectual imperfectivo terminativo: “Adonde no hagamos falta. En llegando, nos mandarán retirarnos”, comenta un soldado.

—Introducción de participios irregulares galegos como “quedo” ou “canso”. ás veces xa adxectivados como en “leche presa” (*Jardín Umbrío*).

—Uso do infinitivo precedido da preposición a con valor xerundial en, por exemplo, “Rosa de mi romería ¡Todo es a cantar!” (do poemario *El Pasajero*).

—Preferencia da forma de infinitivo para construcións imperativas negativas: “¡No me dejar aquí sola” en “Ádega” ou “No asustarse, vecinos, es el credo moderno” en *La Rosa de Papel*.

Nas afirmativas, en cambio, úsase a miúdo a forma plenamente galega: “¡Acudide vecinos!” di La Disa en *La Rosa de Papel*, aínda que pode aparecer raramente en contexto negativo: “No riades, rapaces, que no hay picardía” en boca do Cego de Gondar en *Romance de Lobos*.

—Importancia especial reviste o uso do infinitivo conxugado, peculiaridade verbal exclusiva do galego e do portugués. Por exemplo cando Fuso Negro lle contesta a Don Juan Manuel en *Romance de Lobos* que o corazón “aún cuando lo arrancaren del pecho con los dientes, vuelve otro a nacer”.

b) É de notar tamén a aparición de formas de Futuro de Subxuntivo (forma que presenta desinencias comúns co infinitivo conxugado en galego), aínda en uso no século XIX: “Recuérdome un año, por la fiesta, que mandó dar de beber y comer a todos los rapaces que bailaren” comenta un vello en *Águila de Blasón*. Da mesma obra: “Ya tendrían buen tino de cerrar los ojos cuando pasares por la mi vera”. No conto “Mi bisabuelo” de *Jardín Umbrío*, un murmuro popular di: “¿Adónde irás que no penares?” e en *El Embrujado* di Anxelo: “Si me abra-

zares, caeríamos los dos en el profundo infierno”,

c) Valle utilizou a forma en *-ra* co valor de antepretérito, habitual en galego, en vez da forma composta máis común en castelán, sobre todo nos períodos narrativos dos seus primeiros escritos. Chama a atención, sen embargo, que apenas se bota man deste recurso para caracterizar personaxes. Hai un caso en *Romance de Lobos*, cando Ádega la Inocente di que “El Divino Jesús también anduvo pidiendo por los caminos del mundo con unas alforjinas a cuestas que le bordara la Virgen Madre”.

d) Pola contra, as perífrases verbais, con valores e significados propios do galego, aparecen de xeito constante. Son numerosas as que caracterizan os diálogos dos personaxes galegos, aínda que tamén están presentes en obras non ambientadas en Galicia, sobre todo formando parte do texto narrativo, e mesmo ás veces como rasgo de estilo do autor como temos visto. Algúns exemplos son:

—Co valor de tempo futuro como en “Agora mismo voy ver” que di Andreiña en *Romance de Lobos*.

—De aspecto perfectivo reiterativo cando La Roja di: “¡A solas con esta vieja ben se tiene dolido!”; ou unha vella que di: “Tengo oído que también sucede por veces heredar aquella condición de la leche que se mama y no de la sangre”, ambas en *Águila de Blasón*.

—Con valor aspectual imperfectiva construída con infinitivo, considerada dialectalmente como trazo propio e de especial intensidade na microsubárea do Salnés. En *El Embrujado* de Mauriña: “Ya estou a temblar” e máis adiante ela mesma “¡Habla tú alguna sentencia, langrán! ¡Siempre a callar como una piedra!”. En *Divinas Palabras* di Simoniña “¡Están a petar, mi padre!”

—Perífrases modais. En *Romance de Lobos* coméntalle o mariñeiro a Don Juan Manuel: “Hemos venido con los cuatro rizos, y aínda hubimos de arriar la vela al pasar La Bensa”.

e) Uso do pretérito —co amplo valor que esta forma ten en galego— en lugar do antepresente ou pretérito perfecto composto do castelán. Este fenómeno é un dos rasgos máis claramente identificador non só do galego senón tamén do castelán falado en Galicia. Mesmo ás veces na obra de Valle, aparece trasladado o *-s* final (provinde de *-CHES*) característico da segunda persoa de singular do pretérito, como sucede en *El Embrujado* cando El Cabezalero lle di á avoa: “¿Distes aviso que venimos a pagarlos del Foral de Andrés?”. Xa en plural pregunta Juana La Reina a Pedro Gailo en *Divinas Palabras* “¿Cómo no disteis la comunión en la misa?”.

Merece especial atención a forma coa que aparecen os pretéritos de TRAER: trujo, trujeron, truje... en *Sonata de Otoño*, *Águila de Blasón*, *Cara de Plata*, *El Pasajero*, *El Marqués de Bradomín*, *Divinas Palabras* e *Farsa Italiana de la Enamorada del Rey*. Por exemplo en *Divinas Palabras* comenta Mari Gaila do carretón do eivado: “Es el bien que me trujo la herencia renegada”. Máis tarde, Marica del Reino exclama ante “dos marranos” que “gruñen sobre el dornajo”: “¡Cache!... ¡Cache, grandísimos ladrones!... ¡Nuestro Señor me valga, los bacuriños sobre el carretón! ¡A las calladas me lo trujeron!”. A explicación a esta forma hai que buscala en que a adaptación fonética ao castelán non se opera sobre a forma máis común no galego (trouxeron) senón sobre a dialectal específica do Salnés (truxen, truxo...), con monoptongación<sup>28</sup>.

#### OUTRAS INTERFERENCIAS SON:

a) O trasvase de construcións de preposición ante obxecto directo, inusuais en castelán: “Llaman en la puerta” (“Ádega”).

<sup>28</sup> *Atlas lingüístico galego. Morfoloxía*. Mapa 386. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña. 1991.



## CONCLUSIÓNS

Xa para finalizar, só resta concretar as conclusións ás que é posible chegar despois de todo o ata aquí exposto.

—A primeira delas, e polo que atinxe ás denominacións utilizadas por Valle-Inclán na súa obra literaria para referirse ao galego, cabe deducir que, como noutros ámbitos Valle reproduce os términos e conceptos que a filoloxía do tempo do Rexurdimento usaba a fins da decimonovena centuria. É dicir, simultanea as nocións de lingua e dialecto tal e como se facía daquela.


Hai que apuntar sen embargo, que Valle mantivo sempre estes conceptos con ese significado a pesar dos cambios que a lingüística moderna introduciu no significado de ambas palabras. Tamén usou os términos “lingua visigoda” ou “arcaica”, inspirados moi posibelmente, como temos visto, nunha publicación que marcou un antes e un despois na concepción que sobre a historia da lingua se tiña naquel entón, como foi *El idioma gallego* de Antonio de la Iglesia.

—A segunda afecta ao trasvase do galego

ao castelán de léxico e de hábitos e formas gramaticais galegas. Vimos que este recurso —ás veces non era tal por ser algo inconsciente— procurou nun primeiro momento unicamente darlle tintes galegos a ambientes e a certos personaxes para logo converterse na obra de Valle nun recurso estilístico utilizado incluso en obras non galegas.

A fonte na que Valle bebeu foi —ademáis da literatura producida no século XIX en Galicia— o galego oral, o mesmo que os demais escritores, xa que naquela altura a estandarización do idioma todavía era un proxecto de futuro. Este galego oral aparece —como non podía ser doutra maneira— inzado de dialectalismos e estes, polo que temos comprobado, reproducen sempre, cando as hai, as particularidades —moitas veces exclusivas— da microsubárea do Salnés. É o que acontece coa neutralización VER/MIRAR, coa forma TRUJO de “traer”, ou coa perífrase imperfectiva ANDAR A + INFINITIVO con valor xerundial.

Con estes materiais criou un “sincretismo” idiomático, como dixo Paz Andrade, que individualizou e deu orixinalidade a súa produción literaria.



OBRAS DE VALLE-INCLÁN CONSULTADAS E EDICIÓNS UTILIZADAS,  
SEGUIDAS DAS ABREVIATURAS COAS QUE SE CITAN NO GLOSARIO:

- FITCHER, W.L.: *Publicaciones periodísticas de Don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*. El Colegio de México. México. 1952. 1ª ed. **PPF**.
- VALLE-INCLÁN, RAMÓN M<sup>a</sup> DEL: *Femeninas. Epitalamio*. Espasa Calpe. Colección Austral. Madrid. 1978. **F, EPI**.
- SONATAS. Espasa Calpe. Madrid. 1969. **SO, SE, SP, SI**
